



CONCELLOS

LÁNCARA

Anuncio

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2022, aprobouse a Oferta de Emprego Público ordinaria do ano 2022 correspondente á seguinte praza:

PERSOAL LABORAL:

GRUPO	SUBGRUPO	CLASIFICACIÓN	Núm. VACANTES	DENOMINACIÓN	SISTEMA DE ACCESO
Agrupacións Profesionais	E	Funcionario de carreira	1	Alguacil porteiro	Libre

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Láncara, 4 de agosto 2023.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2578

MONDOÑEDO

Anuncio

Rendida a Conta Xeral para o exercicio 2022 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o día 4 de agosto do 2023, a mesma, xunto co ditamen e documentos que a xustifican expone ao público na Secretaría-Intervención municipal, polo prazo de 15 días hábiles que computaranse a partires do día seguinte da publicación do seguinte anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales e oito máis os interesados poderán formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas, tal e como se sinala no artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facenda Locais.

Mondoñedo, 4 de agosto de 2023.- O ALCALDE, MANUEL ANGEL OTERO LEGIDE.

R. 2579

SAMOS

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS DELEGADOS.

Celebradas as Eleccións Locais o pasado 28 de maio de 2023 e unha vez constituída a nova Corporación en sesión extraordinaria de data 17 de xuño de 2023, faise necesario de conformidade co artigo 38.d) do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) resolver por esta Alcaldía sobre as delegacións que esta Alcaldía estime oportuno conferir, puidendo recaer nos membros da Xunta de Goberno Local deste Concello, de ser ésta aprobada polo Pleno do Concello, e de non existir, entre os Tenentes de Alcalde.

En uso das facultades atribuídas polos arts. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), 43 a 46 do ROF, 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG),

RESOLVO

PRIMEIRO: Conferir as seguintes delegacións xenéricas de servizos, que abarcan tanto a facultade de dirixir os mesmos como a de xestionalos en xeral, a favor dos seguintes concelleiros electos:

- D. José Antonio García Jurjo, Delegación de urbanismo e obras.
- D^a Nagari López López, Delegación de Servizos sociais e vivendas comunitarias.
- D. Jose Manuel Campo López, Delegación de medio rural.
- D. José Manuel López Préstamos, Delegación de cultura, deporte e turismo.

SEGUNDO: Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á mesma.

TERCEIRO: Notificar esta resolución ás persoas interesadas referidas no apartado 1º da parte dispositiva deste Decreto a fin de que expresen a súa aceptación ao cargo.

CARTO: Dar conta deste Decreto ao Pleno do Concello aos efectos de cumprir o preceptuado no artigo 38 do ROF citado.

Samos, 26 de xuño de 2023.- A Alcaldesa, M^a Jesús López López.- Ante mín, A Secretaria, Luisa Fernández Pérez.

R. 2520

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DE MEMBROS DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE ALCALDÍA A ESTE ÓRGANO.

Celebradas as Eleccións Locais o pasado 28 de maio de 2023 e unha vez constituída a nova Corporación en sesión extraordinaria de data 17 de xuño de 2023, faise necesario de conformidade co artigo 38.d) do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) resolver por esta Alcaldía sobre o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local deste Concello, de ser ésta aprobada polo Pleno do Concello, a cal estará constituída pola Alcaldía que a Preside, máis un número de membros da Corporación que non poderá ser superior a un tercio do número legal de membros.

En base ao previsto polos arts. 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG), e 35, 43 e 52 do ROF,

RESOLVO

PRIMEIRO: Nomear como membros da Xunta de Goberno Local deste Concello, se a súa existencia é aprobada polo Pleno deste Concello, xunto a mín, como Presidente, aos seguintes Concelleiros electos:

- D. José Antonio García Jurjo.
- D. Juan Manuel López Préstamo.
- D. José Manuel Campo López.

SEGUNDO: Ao abeiro dos art. 23.2 da LBRL e 65 da LALG, atribuír á Xunta de Goberno Local as seguintes competencias:

A) A asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións.

B) As atribucións que esta Alcaldía, de conformidade cos arts. 21.4 da LBRL e 43.2 e 44 do ROF, expresamente delega e que de seguido se relacionan:

1.- En materia de urbanismo e licenzas:

a) As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao Pleno.

b) A aprobación dos instrumentos de xestión urbanística non atribuídos ao Pleno pola lexislación urbanística e dos proxectos de urbanización.

c) Outorgamento e denegación de licenzas urbanísticas en uso das competencias municipais de intervención no uso e edificación do solo, De acordó co disposto pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, prórrogas de licenzas, cambios de titularidade, declaracións de caducidade e resolución de cantos incidentes se

produzan nos expedientes de obras maiores, menores, usos, parcelacións, de primeira ocupación ou calquera outra actuación relacionada co previsto na Lei 2/2016, sobre intervención na edificación e uso do solo.

d) A concesión de licenzas para o exercicio de actividades.

e) A emisión de informes de índole urbanística.

f) A emisión de informe nos procedementos para a tramitación de autorización autonómica en solo rústico.

2.- En materia contractual:

a) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10 por cen dos recursos ordinarios do Orzamento municipal nin, en calquera caso, as de 6.000.000 euros; incluídas as de carácter patrimonial cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do Orzamento, nin a cuantía sinalada.

b) A aprobación dos proxectos de obras e servizos, os de seguridade e saúde e os demais necesarios para a execución das obras municipais, cando sexa competente para a súa tramitación ou concesión o Alcalde, e estén previstos no Orzamento.

c) A aprobación das formas e procedementos de contratación dos expedientes sinalados na letra a).

d) A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e no seu caso, de prescricións técnicas, para as contratacións e concesións de toda clase cuxa competencia esté atribuída á Alcaldía.

e) O nomeamento dos membros das Mesas de Contratación nos expedientes sinalados anteriormente.

f) A aprobación de certificacións de obra e facturas, así como dos documentos que verifiquen a recepción do subministro, ou no seu caso, da prestación do servizo, derivadas todas elas, dos expedientes citados nos apartados anteriores.

g) Resolver as cuestións incidentales que poidan surxir nos contratos antes citados.

h) Dispoñer a cancelación das garantías nos contratos da súa competencia.

3.- En materia económico-financiera:

a) As autorizacións e disposicións de gasto e o recoñecemento das obrigas derivadas das materias contractuais delegadas no número 2 anterior.

b) O outorgamento de subvencións dacordo coas consignacións orzamentarias e bases de execución.

c) O desenvolvemento da xestión económica dacordo co Orzamento aprobado e segundo o disposto nas bases de execución.

d) Aprobar todo tipo de padrones fiscais e liquidacións tributarias, así como resolver as reclamacións e recursos que contra eles se deduzan.

4.- En materia de bens:

a) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, e en todo caso, os 3.000.000 euros.

b) O alleamento de bens inmoables, integrantes do patrimonio municipal, cando estando previstas no orzamento non superen a porcentaxe nin cuantía indicadas no apartado anterior.

c) O alleamento de bens móbiles, salvo os declarados de valor histórico ou artístico cuxa enaxenación non se atope prevista no orzamento.

5.- En outras materias:

a) A solicitude e aceptación de subvencións de calquera entidade pública ou privada, cuxa competencia non estea atribuída por Lei ao Concello en Pleno.

b) O exercizo da potestade sancionadora en materias da súa competencia.

c) As demais que a lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma asignen ao Concello e non atribúan a outros órganos municipais.

TERCEIRO: As sesións ordinarias se celebrarán o 1º e 3º xoves de cada mes ás trece horas. Cando éste sexa inhábil o inmediato día hábil anterior.

CUARTO: Non obstante as delegacións conferidas, a Alcaldía conforme ao establecido nos artigos 116 do ROF, en relación co artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de RéximeXurídico do Sector Público, poderá en Resolución motivada, avocar para sí a materia delegada, resolvendo sobre a mesma, cando a urxencia do asunto así o xustifique, dando conta á Xunta de Goberno Local na sesión inmediata seguinte para a súa ratificación.

QUINTO: A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva, a convocatoria do Alcalde, dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel no que éste designara aos membros que a integran, ao abeiro do disposto no artigo 112.1 do ROF.

SEXTO: Dar conta ó Pleno na sesión extraordinaria a celebrar de conformidade co art. 38 do ROF e notificar persoalmente ós/ás designados/as, publicando esta Resolución no "Boletín Oficial" da provincia, sen prexuízo da efectividade destes nomeamentos dende o día seguinte ao da aprobación polo Pleno da existencia da Xunta de Goberno Local.

Samos, 26 de xuño de 2023.- A Alcaldesa, M^a Jesús López López.- Ante mín, A Secretaria, Luisa Fernández Pérez.

R. 2521

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

Celebradas as Eleccións Locais o pasado 28 de maio de 2023 e unha vez constituída a nova Corporación en sesión extraordinaria de data 17 de xuño de 2023, faise necesario de conformidade co artigo 38.d) do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) resolver por esta Alcaldía sobre o nomeamento de Tenentes de Alcalde, os cales serán libremente nomeados por esta Alcaldía de entre os membros da Xunta de Goberno Local, de ser ésta aprobada polo Pleno do Concello, e de non existir, entre os Sres. Concelleiros.

En uso das facultades atribuídas polos arts. 21.3 e 125 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), 62 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG) e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF),

RESOLVO

PRIMEIRO: Nomear aos seguintes Tenentes de Alcalde:

- D. José Antonio García Jurjo, Primer Teniente de Alcalde.
- D. Jose Manuel López Préstamo, Segundo Teniente de Alcalde.
- D. José Manuel Campo López, Tercer Teniente de Alcalde.

Aos mesmos lle corresponderá ao abeiro dos arts. 23.3 da LBRL e 47.1 do ROF, substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que posibilite a éste para o exercizo das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde, de ser o caso.

SEGUNDO: Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á sinatura da mesma.

TERCEIRO: Notificar esta resolución aos interesados a fin de que expresen a súa aceptación ao cargo.

CUARTO: Dar conta deste Decreto ao Pleno do Concello aos efectos de cumprir o preceptuado no artigo 38 do ROF citado.

Samos, 26 de xuño de 2023.- A Alcaldesa, M^a Jesús López López.- Ante mín, A Secretaria, Luisa Fernández Pérez.

R. 2522

Anuncio

Con data 29 de xuño de 2023, o Pleno Municipal en sesión extraordinaria, acordou a periodicidade das sesións do pleno que se publica en extracto en cumprimento da normativa vixente:

PRIMEIRO: Celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación cada dous meses, quedando establecidas o primeiro venres dos meses de Febreiro, Abril, Xuño, Agosto, Outubro e Decembro, ás 12:30 horas.

SEGUNDO: Se concidira con día inhábil, a sesión celebrárase o primeiro día hábil da semana seguinte.

Con data 29 de xuño de 2023, o Pleno Municipal en sesión extraordinaria, acordou a existencia da Xunta de Goberno Local e a delegación de competencias en este órgano, que se publica en extracto en cumprimento da normativa vixente:

PRIMEIRO. Constituir de conformidade co artigo 35.2.d) do ROF, a Xunta de Goberno Local, cuxo obxecto será a asistencia permanente á Alcaldesa no exercicio das súas atribucións, así como exercer, no caso de ser aprobado, as atribucións que o Pleno lle delegue ou as que lle atribúan as Leis.

SEGUNDO. A Xunta de Goberno Local estará integrada pola Alcaldesa, que será o seu Presidente, e por tres Concelleiros que serán nombrados libremente pola Alcaldía como membros da mesma e dos que se dará conta ao Pleno Corporativo en sesión extraordinaria antes de que se cumpra o prazo de trinta días dende a celebración da sesión constitutiva en data 17/06/2023.

TERCEIRO. Delegar na Xunta de Goberno Local por parte do Pleno Corporativo, e de conformidade cos arts. 22.4 da LBRL e 51.1 do ROF as seguintes competencias:

- O exercicio de acción xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estén previstos nos Orzamentos.
- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe supere o 10 % dos recursos ordinarios do Orzamento e, en calquera caso, a cuantía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercizo, e/ou a cuantía sinalada.
- A concertación das operacións de crédito cuxa cuantía acumulada, dentro de cada exercizo económico, exceda do 10 % dos recursos ordinarios do Orzamento todo elo de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sempre que estén previstas no Orzamento o se aproben no Pleno necesariamente a oportuna operación.
- A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento, e en todo caso cando sexa superior a tres millóns de euros, así como os alleamentos patrimoniais nos seguintes supostos:
 - Cando se trate de bens inmoables e non estean previstos no orzamento.
 - Os previstos no Orzamento cun valor superior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento.
- As demais que expresamente lle confiran as leis, que non sexan indelegables segundo as leis respectivas e/ou no esixan para a súa aprobación una maioría especial.

CUARTO. A Xunta de Goberno Local axustará o seu funcionamento ao disposto nos artigos 112 e 113 do ROF, fixando o seguinte réxime de sesións da Xunta de Goberno Local:

- Ordinarias: cada quince días, no día e hora que fixe a Alcaldía-Presidencia.
- Extraordinarias e urxentes: cando con tal carácter sexan convocadas pola Alcaldía.

QUINTO. De conformidade co previsto no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o órgano delegante poderá avocar para sí a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan convinte.

Con data 29 de xuño de 2023, o Pleno Municipal en sesión extraordinaria, acordou ás adicacións dos membros da Corporación, que se publica íntegramente:

8º.- ADICACIÓNS PARCIAIS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN. ACORDOS QUE PROCEDAN.

A Sra. Alcaldesa procede a dar lectura á Proposta de Alcaldía de data 26/06/2023 relativa ás adicacións parciais de membros da Corporación, do teor literal seguinte:

ASUNTO: ADICACIÓNS EXCLUSIVA E PARCIAIS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Visto que de conformidade co sinalado polos artigos 75.1 e 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), e polo artigo 13.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), os membros das Corporacións Locais que desempeñen os seus cargos en réxime de adicación exclusiva percibirán retribucións para realizar funcións de presidencia, e réxime de adicación parcial para vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de adicación efectiva ás mesmas, en cuxo caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo a Corporación o pago das cuotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo 74 do citado texto legal.

Visto que ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado segundo a táboa do art. 75.bis da LBRL, e que nos acordos plenarios de

determinación dos cargos que leven aparelada esta adicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da adicación mínima necesaria para a percepción de ditas retribucións.

Visto que ata que polo Pleno se aprobe, no seu caso, a existencia da Xunta de Goberno Local e por esta Alcaldía mediante Decreto se designen aos membros da mesma, aos Tenentes de Alcaldía e aos Concelleiros delegados, dos cales se deberá dar conta ao Pleno, non se poderán levar propostas de percepción de retribucións dos mesmos, sendo a única a presentar polo momento a desta Presidencia que xa tomou posesión do cargo en sesión constitutiva de data 17/06/2023, en concepto de adicación exclusiva polas funcións propias do cargo, coas retribucións que elo conleve, **PROPONSE AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS A ADOPCIÓN DOS SEGUINTES ACORDOS:**

PRIMEIRO. Determinar que os cargos de Presidencia exerza en réxime de adicación exclusiva, Concelleiro de Urbanismo e Obras e Concelleira de Servizos Sociais e Vivendas Comunitarias, se exerzan en réxime de adicación parcial debendo ter unha presenza efectiva mínima ao mes no Concello, 60 horas e 50 horas, respectivamente. No caso da Concellería de Servizos Sociais e Vivendas Comunitarias, a adicación parcial poderá ser desenvolvida indistintamente na Casa Consistorial ou nas Vivendas Comunitarias.

SEGUNDO. Establecer a favor dos cargos da Corporación que se relacionan os cales serán desempeñados en réxime de adicación exclusiva para a presidencia e parcial para os concellerías que se relacionaron no punto primeiro, as seguintes retribucións anuais brutas, as cales se percibirán en doce pagas, equivalentes as doce mensualidades do ano así como dalo de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cuotas empresariais que corresponda:

- O cargo de Presidencia, unha retribución anual bruta de 32.500 euros-
- O cargo de Concelleiro de Urbanismo e Obras, unha retribución anual bruta de 15.000 euros.
- O cargo de Concelleiro de Servizos Sociais e Vivendas Comunitarias, unha retribución anual bruta de 12.500 euros.

TERCEIRO. Que se publique no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello de forma íntegra o presente Acordo, aos efectos de xeralcoñecemento, dada a súa transcendencia.

Samos, 13 de xullo de 2023.- A Alcaldesa, M^a Jesús López López

Iniciadas as intervencións, o voceiro do grupo municipal do PP dí que una das propostas do BNG era a de reducir os gastos dos cargos públicos; e agora vaise a converter na rexidora máis cara da historia de Samos, xa se ven as prioridades de cada un.

A Alcaldesa resposta que non se aumenta o gasto, nin se teñe en conta a subida dos presos. Se gasta o mesmo e a vida sube .

O voceiro do grupo municipal do PP dí que respecto as dedicacións parciais, o seu grupo vai a pedir que se xustifiquen as horas.

A Alcaldesa responde que as horas están controladas, este é un equipo de goberno que traballa conxuntamente e todos se van a ocupar de todas as áreas; respecto aos distintos edificios municipais, se van a controlar as entradas e saídas .

Sometido o asunto a votación, co voto a favor de cinco 5 votos , os tres (3) Concelleiros do grupo municipal do BNG e o voto a favor dos dous (2) Concelleiros do grupo municipal Socialista, e co voto en contra dos catro (4) Concelleiros do grupo municipal do PP, o Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO. Determinar que os cargos de Presidencia exerza en réxime de adicación exclusiva, Concelleiro de Urbanismo e Obras e Concelleira de Servizos Sociais e Vivendas Comunitarias, se exerzan en réxime de adicación parcial debendo ter unha presenza efectiva mínima ao mes no Concello, 60 horas e 50 horas, respectivamente. No caso da Concellería de Servizos Sociais e Vivendas Comunitarias, a adicación parcial poderá ser desenvolvida indistintamente na Casa Consistorial ou nas Vivendas Comunitarias.

SEGUNDO. Establecer a favor dos cargos da Corporación que se relacionan os cales serán desempeñados en réxime de adicación exclusiva para a presidencia e parcial para os concellerías que se relacionaron no punto primeiro, as seguintes retribucións anuais brutas, as cales se percibirán en doce pagas, equivalentes as doce mensualidades do ano así como dalo de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cuotas empresariais que corresponda:

- O cargo de Presidencia, unha retribución anual bruta de 32.500 euros-
- O cargo de Concelleiro de Urbanismo e Obras, unha retribución anual bruta de 15.000 euros.
- O cargo de Concelleiro de Servizos Sociais e Vivendas Comunitarias, unha retribución anual bruta de 12.500 euros.

TERCEIRO. Que se publique no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello de forma íntegra o presente Acordo, aos efectos de xeralcoñecemento, dada a súa transcendencia.

Con data 29 de xuño de 2023, o Pleno Municipal en sesión extraordinaria, ó réxime económico das asistencias e indemnizacións, que se publica íntegramente:

9º.- RÉXIMEN ECONÓMICO DE ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS.

A Sra. Alcaldesa procede á lectura da Proposta de Alcaldía de data 26/06/2023 relativa ao réxime económico por asistencias e indemnizacións, do teor literal seguinte:

ASUNTO: RÉXIME ECONÓMICO POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS

Segundo establece o apartado 3 do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), só os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno.

Así mesmo, o apartado 4 do mesmo artigo mencionado sinala que os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o Pleno corporativo.

Considerando que, segundo o disposto no artigo 75.5 da LBRL, as Corporacións locais consignarán nos seus Orzamentos as indemnizacións e asistencias ás que se fixo referencia nos parágrafos anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan, no seu caso, debendo publicar íntegramente no "Boletín Oficial" da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con adicación exclusiva e parcial e réximen de adicación de estos últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de adicación exclusiva ou parcial.

Aoabeiro da normativa citada, **proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Fixar como asistencias ás concelleiras e concelleiros da Corporación que non estean acollidos aoréxime de adicación exclusiva ou parcial, pola concorrencia efectiva ás sesións do Pleno e por asistencia ás da Xunta de Goberno Local e/ou outras, 70 euros.

SEGUNDO.- Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisións de servizos ou xestións oficiais dispostos pola Corporación, polo seu Presidente ou por outros órganos competentes, serán aboados previa presentación da correspondente declaración xurada co Visto e Prace do Presidente, puidendo presentarse ademais o documento xustificativo da realización do gasto.

No caso de utilización de vehículo propio, abonaranse a razón de 0,25 euros por km. recorrido.

Ademais dos gastos de locomoción, os membros da Corporación cando se despracen fóra do Municipio por asuntos inherentes a súa condición de membros da Corporación, Terán dereito a unha indemnización de 90 euros para o caso de dieta completa e 45 euros para media dieta.

TERCEIRO.- Publicar íntegramente dito acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios.

Samos, 13 de xullo de 2023.- A Alcaldesa, M^a Jesús López López

Tras a única intervención do Voceiro do Grupo municipal do Partido Popular sinalando que a forma de aumentar o soldo da Alcaldesa é baixar o importe das asistencias aos órganos colexiados e nós non estamos dacordo.

A Alcaldesa resposta que non se rebaixa, o que se fai é unificar.

A continuación se somete á votación da Proposta de Alcaldía, e cos votos a favor de cinco Concelleiros, o voto a favor dos tres (3) Concelleiros do BNG e o voto a favor dos dous (2) Concelleiros do grupo municipal Socialista; sometida a votación a proposta de Alcaldía, o Pleno do Concello adopta os seguintes **ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Fixar como asistencias ás concelleiras e concelleiros da Corporación que non estean acollidos ao réxime de adicación exclusiva ou parcial, pola concorrencia efectiva ás sesións do Pleno e por asistencia ás da Xunta de Goberno Local e/ou outras, 70 euros.

SEGUNDO.- Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisións de servizos ou xestións oficiais dispostos pola Corporación, polo seu Presidente ou por outros órganos competentes, serán aboados previa presentación da correspondente declaración xurada co Visto e Prace do Presidente, puidendo presentarse ademais o documento xustificativo da realización do gasto.

No caso de utilización de vehículo propio, abonaranse a razón de 0,25 euros por km. recorrido.

Ademais dos gastos de locomoción, os membros da Corporación cando se despracen fóra do Municipio por asuntos inherentes a súa condición de membros da Corporación, Terán dereito a unha indemnización de 90 euros para o caso de dieta completa e 45 euros para media dieta.

TERCEIRO.- Publicar íntegramente dito acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios.

Samos, 13 de xullo de 2023.- A Alcaldesa, M^a Jesús López López.

R. 2523

VILALBA

Anuncio

Procedemento: Pleno organizativo

Expediente número: 3073/2023

Asunto: Anuncio acordo plenario ao respecto da relación de cargos electivos con dedicacións atribuídas

Membros da Corporación municipal con dedicación exclusiva

O Artigo 75.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL, no sucesivo) establece que os membros das Entidades Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva.

Neste senso, o artigo 75 ter da LRBRL, (precepto engadido no texto legal pola Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local), regula a limitación no número dos cargos públicos das Entidades Locais con dedicación exclusiva, indicando que a « [...] prestación de servizos nos Concellos en réxime de dedicación exclusiva por parte dos seus membros deberá axustarse en todo caso aos seguintes límites:

- Nos Concellos de Municipios con poboación inferior a 1.000 habitantes, ningún membro poderá prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva.
- Nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 1.001 e 2.000 habitantes, só un membro poderá prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva.
- Nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 2.001 e 3.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de dúas.
- Nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 3.001 e 10.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de tres.
- Nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 10.001 e 15.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de cinco.
- En Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 15.001 e 20.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de sete».

En virtude do anterior, a limitación no número dos cargos públicos das Entidades Locais con dedicación exclusiva no Concello do meu cargo resulta de cinco.

Asemade, o artigo 75 bis.1 da LRBRL na redacción que lle deu a este texto legal a Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece que os Orzamentos Xerais do Estado determinarán, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das Entidades Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias.

Ao fío do anterior a disposición adicional vixésimo sétima da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, dispón o réxime retributivo dos membros das Corporacións locais, que en atención á poboación dos municipios establece os seguintes limiares:

Habitantes	Referencia - Euros
Más de 500.000.	116.160,05
300.001 a 500.000.	104.544,03
150.001 a 300.000.	92.928,03
75.001 a 150.000.	87.120,59
50.001 a 75.000.	75.504,62
20.001 a 50.000.	63.888,61
10.001 a 20.000.	58.080,05
5.001 a 10.000.	52.272,61
1.000 a 5.000.	46.464,02

Por tanto, o límite disposto na de Orzamentos Xerais do Estado a percibir polos membros das Entidades Locais con dedicación por todos os conceptos retributivos e asistencias será de 58.080,05 euros para o caso que nos ocupa.

Visto que os Concellos cada vez teñen mais competencias e servizos que desenvolver, sendo necesaria unha maior dedicación ás labores propias do cargo.

En virtude do tenor dos fundamentos subliñados, non cabe dúbida que a dedicación que lle conferirá ocupará unha parte relevante do seu tempo.

Membros da Corporación municipal con dedicación parcial

Conforme ao artigo 75.2 da LRBRL os membros das Entidades Locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de Presidencia, Vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas.

Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Destaca o referido precepto que os membros das Entidades Locais que sexan persoal das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo.

Pola súa parte, indica o artigo 75 bis 1 establece respecto das Entidades de poboación inferior a 1.000 habitantes, que os seus membros non terán dedicación exclusiva.

Con todo, sinala a Lei que excepcionalmente, poderán desempeñar os seus cargos con dedicación parcial, percibindo as súas retribucións dentro dos límites máximos sinalados para o efecto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, a saber:

Dedicación	Referencia - Euros
Dedicación parcial al 75 %.	34.848,05
Dedicación parcial al 50 %.	25.555,04
Dedicación parcial al 25 %.	17.424,64

Visto que os Concellos cada vez teñen mais competencias e servizos que desenvolver, sendo necesaria unha maior dedicación ás labores propias do cargo.

En base ao anteriormente exposto o Pleno deste concello, cos votos favorables do Partido Socialista (5), Vilalba Aberta (3), e do concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (1), e a abstención do Partido Popular (7), o Pleno da Corporación acorda o que segue:

PRIMEIRO. Pola concorrencia efectiva da Alcaldía da Corporación en réxime de dedicación exclusiva corresponderalle unha retribución bruta anual de 45.000 euros, distribuídos en doce pagas mensuais e dúas extraordinarias, nos meses de xuño e decembro. As contías determinadas no presente acordo será actualizadas segundo estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

SEGUNDO. Así mesmo, en función das consideracións casuísticas expresadas con anterioridade, e á vista do nomeamento do concelleiro da Corporación, don Modesto Renda Santiso, que ostentará responsabilidade da coordinación e dirección da área de urbanismo, mobilidade, infraestruturas rurais e desenvolvemento industrial, en réxime de dedicación exclusiva, corresponderalle unha retribución bruta anual de 33.000,00 euros, distribuídos en doce pagas mensuais e dúas extraordinarias, nos meses de xuño e decembro. As contías determinadas no presente acordo será actualizadas segundo estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

TERCEIRO. Á vista do nomeamento do concelleiro da Corporación, don Luis Fernández Álvarez, que ostentará responsabilidade da coordinación e dirección das áreas de infraestruturas urbanas, medio ambiente, e espazos naturais, en réxime de dedicación parcial, corresponderalle unha retribución bruta anual de 8.700,00 euros, distribuídos en doce pagas mensuais e dúas extraordinarias, nos meses de xuño e decembro. As contías determinadas no presente acordo será actualizadas segundo estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Por orde directa da Alcaldía na sesión plenaria, deixase constar que a dedidación acordada corresponde ao 15 por cento da xornada laboral ordinaria.

CUARTO. Á vista do nomeamento da concelleira da Corporación, dona Paula Vigo Lamas, que ostentará responsabilidade da coordinación e dirección das áreas de feiras e mercados, educación, infancia e xuventude, en réxime de dedicación parcial, corresponderalle unha retribución bruta anual de 8.700,00 euros, distribuídos en doce pagas mensuais e dúas extraordinarias, nos meses de xuño e decembro. As contías determinadas no presente acordo será actualizadas segundo estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Por orde directa da Alcaldía na sesión plenaria, deixase constar que a dedidación acordada corresponde ao 15 por cento da xornada laboral ordinaria.

QUINTO. Á vista do nomeamento da concelleira da Corporación, dona María Xosé Fernández Pardo, que ostentará responsabilidade da coordinación e dirección das áreas de comercio, turismo e promoción da lingua, en réxime de dedicación parcial, corresponderalle unha retribución bruta anual de 8.250,00 euros, distribuídos en doce pagas mensuais e dúas extraordinarias, nos meses de xuño e decembro. As contías determinadas no presente acordo será actualizadas segundo establece a Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Por orde directa da Alcaldía na sesión plenaria, deixase constar que a dedidación acordada corresponde ao 14,2 por cento da xornada laboral ordinaria.

SEXTO. Ao fío do anterior, propónse a autorización e disposición dos gastos correspondentes ao presente exercicio, por importe de 44.915,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 912.10000 e 13.733,23 euros con cargo á aplicación orzamentaria 912.16000., e comprometer a futuros as contías de 103.650,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 912.10000, e 31.692,08 € con cargo á aplicación orzamentaria 912.16000. Todo elo, condicionado á existencia de crédito adeucado e suficiente.

SÉTIMO. Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así coma publicalo na Sede Electrónica da Corporación municipal.

Vilalba, 1 de agosto de 2023.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 2524

Anuncio

Expediente: 1789/2022

Asunto: Modificación da oferta de emprego público 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” derivada da lei 20/2021, do 28 de decembro, en execución de sentenza.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vilalba, en sesión celebrada en data 26 de xullo de 2023, acordaba, por unanimidade, e en relación co expediente de razón, a adopción do seguinte acordo, procedendo a súa publicación en cumprimento da súa parte dispositiva a continuación transcrita:

Primeiro.- En execución da Sentenza 00018/2023, do 1 de febreiro, ditada polo Xulgado do Social nº3 de Lugo no procedemento ordinario 000052 /2021, modificar a oferta de emprego público 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” derivada da Lei 20/2021, do 28 de decembro, medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, aprobada por Resolución de Alcaldía número 2022-0390, con corrección de erros mediante Resolución 2022-0325, nos termos seguintes:

I.A. Prazas estruturais de persoal do Concello de Vilalba desempeñadas por persoal con vinculación temporal de longa duración e incursas no suposto da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público:

Modificar o nomenclátor categoría laboral da praza a continuación referida á realidade dos feitos probados expresados na sentenza de razón e, consecuentemente, o contido material das funcións vinculadas:

GRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	N.º DE PRAZAS	SISTEMA DE SELECCIÓN	VÍNCULO
4	CAPATAZ GRUP. M. INT. INM	1	Concurso	Laboral

A praza “ut supra” queda configurada como segue:

GRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	N.º DE PRAZAS	SISTEMA DE SELECCIÓN	VÍNCULO
4	CHOFER	1	Concurso	Laboral

Segundo.- Proceder á publicación íntegra do presente Acordo no Portal de Transparencia da sede electrónica do Concello de Vilalba, así como a súa parte resolutiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia.

Vilalba, 1 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, María Elba Veleiro Fernández.

R. 2525

*Anuncio***Procedemento: Pleno organizativo**

Expediente número: **3075/2023**

Asunto: **Anuncio acordo plenario ao respecto dos representantes municipais en órganos colexiados.**

Constituída a nova Corporación, na sesión celebrada en data 17 de xuño de 2023, coma consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado 26 de maio, procede nomear aos representantes do concello nos órganos colexiados, de conformidade co disposto no artigo 38 apartado c) do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

En base ao anteriormente exposto o Pleno deste concello adopta, por unanimidade, o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Nomear, representante deste concello no IES Santiago Basanta Silva:, á persoa concelleira Paula Vigo Lamas.

SEGUNDO. Nomear, representante deste concello no IES Lois Pena Novo, á persoa concelleira Eduardo Vidal Baamonde.

CUARTO. Nomear, representante deste concello no CEIP Manuel Mato Vizoso:, á persoa concelleira Luis Fernández Álvarez.

QUINTO. Nomear, representante deste concello no CEIP Antonio Insua Bermúdez, á persoa concelleira Modesto Renda Santiso.

SEXTO. Nomear, representante deste concello no CEIP Monseivane, en Moreda (Lanzós), á persoa concelleira María Xosé Fernández Pardo.

SÉTIMO. Nomear, representante deste concello no CEIP Terra Chá de Román:, á persoa concelleira Modesto Renda Santiso.

OITAVO. Nomear, representante deste concello no Escola de Educación Infantil de Vilalba:, á persoa concelleira Marta María Rouco Seoane.

NOVENO. Nomear, representante deste concello no Escola Infantil de Vilalba:, á persoa concelleira Marta María Rouco Seoane.

DÉCIMO. Nomear, representante deste concello no Conservatorio Municipal: á persoa concelleira Tamara Rodríguez López..

UNDÉCIMO. Designar aos membros do "Padroado da Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba-Terra Chá", en representación do Concello de Vilalba, tendo en conta que, segundo o estipulado nos estatutos da Fundación, o dito padroado está integrado por:

A alcaldesa do Concello, como presidenta da Fundación.

A concelleira de Servizos Sociais do Excmo. Concello de Vilalba, como vicepresidenta da Fundación.

Catro concelleiros/as, en representación dos grupos políticos integrantes da Corporación.

A persoas que ostente a presidencia da Asociación de pais e nais de persoas con discapacidade "Asfadivi" do municipio de Vilalba con CIF G27225937, ou persoa pertencente ao órgano de goberno da asociación na que delegue.

Polo tanto, procede a designación polo Pleno dos catro concelleiros que representarán a todos os grupos políticos que o integren, e que son os seguintes:

En representación do Grupo Municipal Socialista PsdeG-PSOE: Paula Vigo Lamas.

En representación do Grupo Municipal de Vilalba Aberta: María Xosé Fernández Pardo.

En representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: Constantino Alvite Muinel.

En representación do Grupo Municipal do Partido Popular: Paula Gesto Díaz

Os anteriormente designados quedan facultados para a sinatura da escritura notarial e demais actos necesarios que leven a cabo para o funcionamento da Fundación.

DUODÉCIMO. Designar como representante do Concello á señora alcaldesa, dona María Elba Veleiro Fernández, nos seguintes órganos:"Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá", con CIF G27383496; e "Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar", con número de identificación A12009463

DÉCIMO TERCEIRO. Notificar o presente acordo aos terceiros afectados xunto co réxime de recursos en vía administrativa, e contencioso administrativa, así coma comunicar o presente acordo plenario ao Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a través do sistema integrado de rexistro.

DÉCIMO CUARTO. Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así coma na sede electrónica da Corporación municipal.

Vilalba, 1 de agosto de 2023.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 2526

Anuncio

Procedemento: Pleno organizativo

Expediente número: **3074/2023**

Asunto: **Anuncio acordo plenario ao respecto da asignación económica dos grupos políticos.**

Constituída a nova Corporación, na sesión celebrada en data 17 de xuño de 2023, coma consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado 28 de maio, procede determinar a asignación de axudas económicas ou achegas de funcionamento dos grupos políticos, de conformidade co disposto no artigo 73 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Destácase a importancia de que os grupos políticos municipais, como órganos municipais de actuación corporativa e dos concelleiros municipais, teñan asignada unha dotación económica que permita sufragar os custos derivados do seu funcionamento. A devandita dotación constará dun compoñente fixo e outro variable en función do número de concelleiros de cada un destes.

Visto que conforme ao artigo 74 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, «Integraranse, en todo caso, no grupo mixto os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non obtivesen un mínimo de dous escanos.

No caso de que non existise grupo mixto, este quedará constituído polo membro do partido político, federación, coalición ou agrupación que obtivese un só escano».

Á vista do anterior, poderíase dicir que os grupos políticos no ámbito local teñen como principal función, facilitar o funcionamento municipal, ao mesmo tempo que se configuran como o medio do exercicio do dereito constitucional a acceder a cargos públicos (STC do 21 de decembro de 1989 e 15 de xaneiro de 1993), configurándose a súa creación como un dereito, e ao mesmo tempo un deber dos concelleiros (STC30/1993).

O TS na súa Sentenza do 8 de febreiro de 1994 os definía como “un elemento organizativo da estrutura dos órganos de goberno do municipio que se constitúen como medio esencial para que os representantes populares que forman as respectivas corporacións, participen na actividade democrática de estas”.

En base ao anteriormente exposto o Pleno deste concello adopta, por unanimidade, o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Fixar un compoñente fixo, que se establece na cantidade de tres mil seiscientos euros anuais (3.600 € anuais) a cada un dos grupos políticos constituídos.

SEGUNDO. Fixar un compoñente variable, que se establece na cantidade de setenta e dous euros anuais (72,00 € anuais) por cada persoa concelleira electa integrada no grupo político municipal de que se trate. Estas cantidades serán rateadas polo efectivo tempo de mandato corporativo.

TERCEIRO. Autorizar e dispoñer os gastos correspondentes ao presente exercicio, por importe de 7.812,00 euros para o ano corrente, e comprometer a contía de 15.624.00 € para exercicios futuros con cargo á aplicación orzamentaria 924.48920. Todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

CUARTO. De conformidade co establecido no devandito artigo 73 da LRBRL, as cantidades que lle corresponda a cada grupo político non poderán destinarse a pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación, nin á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación, que porán ao dispor do Pleno da Corporación sempre que este llo solicite, debendo cumprir os demais requisitos contidos no repetido artigo 73 da LRBRL.

QUINTO. Acórdase a potestade plenaria de requirir anualmente aos grupos políticos a xustificación do destino das cantidades percibidas, concretamente no primeiro trimestre do ano, respecto das achegas correspondentes ao exercicio inmediato anterior, ao abeiro e co contido do establecido no apartado 3 do artigo 73 da LRBRL.

SEXTO. Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así coma na Sede Electrónica da Corporación.

SÉTIMO. Dar traslado dos presentes acordos á Intervención Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Vilalba, 1 de agosto de 2023.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 2527

Anuncio

Procedemento: Pleno organizativo

Expediente número: 3021/2023

Asunto: Anuncio acordo plenario ao respecto do réxime de asistencias e indemnizacións a favor dos membros da Corporación

Visto que conforme ao artigo 75.3 e 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece que «3. Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da mesma.

4. Os membros das Corporacións Locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o Pleno Corporativo».

En base ao anteriormente exposto o Pleno deste concello, cos votos favorables do Partido Socialista (5), Vilalba Aberta (3), e do concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (1), e a abstención do Partido Popular (7), o Pleno da Corporación acorda o que segue:

PRIMEIRO. Establecer o seguinte réxime de indemnizacións por asistencias.

1. Asistencia a sesións plenarias: cen euros (100,00 €)
2. Asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local: cento dez euros (110,00 €)
3. Asistencia a sesións de Comisións informativas: oitenta euros (80,00 €)

SEGUNDO. Dispoñer que, con respecto ás indemnizacións aos membros da Corporación polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, estarase ao disposto nas normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas.

TERCEIRO. Autorizar e dispoñer os gastos estimados correspondentes ao presente exercicio, por importe de 14.150,00 euros, e comprometer a contía de 29.050,00 € para exercicios futuros, con cargo á aplicación orzamentaria 912.233. Todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

CUARTO. Modificar o artigo 33 das bases de execución do orzamento do exercicio 2019, prorrogado para 2023, debendo ser substituído pola seguinte redacción:

Os membros da Corporación Municipal que non teñan recoñecida polo Pleno da Corporación dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación da que formen parte, de acordo co seguinte detalle:

1. Asistencia a sesións plenarias: cen euros (100,00 €)
2. Asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local: cento dez euros (110,00 €)
3. Asistencia a sesións de Comisións informativas: oitenta euros (80,00 €)

De acordo co disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o presente acordo deberá expoñerse ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, por un prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. No caso de non presentarse reclamación algunha durante o devandito prazo, o presente acordo relativo á modificación das bases de execución do orzamento considerarase definitivamente aprobado.

QUINTO. Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEXTO. Dar traslado dos presentes acordos á Intervención Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos

Vilalba, 1 de agosto de 2023.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 2528

*Anuncio***Procedemento: Pleno organizativo**

Expediente número: 3071/2023

Asunto: Anuncio acordo plenario ao respecto da periodicidade das sesións plenarias

Constituída a nova Corporación, na sesión celebrada en data 17 de xuño de 2023, coma consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado 28 de maio, procede determinar o réxime da celebración das sesións ordinarias do Pleno, de conformidade co disposto no artigo 38 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e o artigo 210.2 letra a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).

A estes efectos o devandito artigo 210 da LALG, establece a periodicidade mínima da celebración das sesións ordinarias do Pleno, procedendo celebrar cando menos unha sesión ordinaria cada dous meses, norma de desenvolve o disposto no artigo 46.2 letra a) da Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladoras das Bases do Réxime Local que dispón unha periodicidade mínima mensual nos municipios de máis de 20.000 habitantes, cada dous meses en municipios con poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes e trimestral en municipios de ata 5.000 habitantes.

En base ao anteriormente exposto o Pleno deste concello, cos votos favorables do Partido Socialista (5), Vilalba Aberta (3), a abstención do concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (1), e o voto en contra do Partido Popular (8), prodúcese un empate na votación; polo tanto, de conformidade co disposto no artigo 100.2 do ROF, procedese a unha nova votación, reflectindo a mesma idéntido resultado, resolvendo o empate o voto da Alcaldía e quedando o acordo co seguinte tenor literal:

PRIMEIRO. As sesións ordinarias do Pleno deste concello celebraranse os últimos xoves dos meses impares do ano natural, ás 18:00 horas; se fose festivo celebrárase o seguinte día hábil, considerándose para estes efectos os sábados, domingos e festivos coma inhábiles, de conformidade co disposto no artigo 30 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO. Facultar ao Sr. Alcalde, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces dos Grupos Políticos, por causa xustificada, a modificar a data de celebración da sesión ordinaria, nun intervalo máximo de dez (10) días, mesmo aínda que o novo día fixado non estivese comprendido no mes correspondente á devandita sesión, conservando esta o carácter de ordinaria.

TERCEIRO. Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vilalba, 1 de agosto de 2023.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 2529

*Anuncio***Procedemento: Pleno organizativo**

Expediente número: 3070/2023

Asunto: Anuncio acordo plenario ao respecto da creación de comisións, composición proporcional destas e periodicidade das reunións.

Constituída a nova Corporación, na sesión celebrada en data 17 de xuño de 2023, coma consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado 28 de maio, procede determinar o réxime creación e composición das comisións informativas, de conformidade co disposto no artigo 38 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e artigo 20.1 apartado c) e apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL, de agora en máis) e artigos, 59, 66, 67, 68 e 212 da Lei 7/1995, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG, en adiante).

Neste senso, compre destacar que de segundo indica o artigo 123 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, as Comisións Informativas son un órgano complementario da organización municipal, no que teñen dereito a participar todos os grupos políticos integrados na Corporación, sendo a súa función a de estudo, informe ou consulta dos asuntos que haxan de ser sometidos á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno, cando esta actúe con competencias delegadas por este órgano.

Igualmente estes órganos informativos poderán informar aqueles asuntos competencia de Alcaldía, ou da Xunta de Goberno por delegación de este órgano, que lle sexan sometidos pro expresa decisión de es aqueles órganos.

En réxime local e segundo indica o artigo 20.1 letra e) da LRBRL, o artigo 59.2 letra c) da LALG, e o artigo 127 do ROF resulta preceptiva a existencia dunha Comisión especial de contas, que terá por competencias as previstas no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto que de conformidade co artigo 59.3 da LALG «A creación dos órganos complementarios responderá os principios de eficacia, economía organizativa e participación cidadá e esixirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Determinación da súa forma de integración na organización municipal e da súa dependencia xerárquica.
- b) Delimitación das súas funcións e competencias.
- c) Dotación dos créditos precisos para a súa posta en marcha e funcionamento.

4. Non poderán crearse novos órganos que supoñan duplicación doutros xa existentes se ao mesmo tempo non se suprime ou restrinxen debidamente a competencia destes».

Visto que, conforme ao artigo 68.1 da LALG «Constituiranse comisións de estudo, informe e consulta en todos os municipios de máis de 5.000 habitantes. Nos demais, poderán constituírse potestativamente, se así o acorda o Pleno da Corporación.

2. Corresponderán a estas comisións o estudo e ditame previos dos asuntos que deban someterse á decisión do Pleno ou da Comisión de Goberno cando actúe por delegación deste. Así mesmo, poderán intervir en relación cos asuntos que deban someterse á Comisión de Goberno cando este órgano solicítelles ditame.

3. Corresponderá ao Pleno determinar o número e a denominación das comisións de estudo, informe ou consulta e as súas modificacións».

Tendo en consideración que segundo esixe o artigo 66.2 da LALG entre outros preceptos concordantes «O número de membros será proporcional á súa representatividade no Concello ou igual para cada grupo. No último caso aplicarase o sistema de voto ponderado».

Con respecto á composición nominativa das comisións, conforme ao artigo 125 letra c) do ROF «A adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do portavoz do mesmo dirixido ao Alcalde ou Presidente, e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular»

Pola súa parte, no caso concreto do Concello de Vilalba, dispónse no artigo 38 Regulamento Orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 161 en venres, 15 de xullo do ano 2011, a creación, coma órganos colexiados complementarios, das seguintes comisións informativas:

- Comisión informativa de asuntos do pleno.
- Comisión informativa de educación e cultura.

Con todo, visto que a LALG esixe que as comisións informativas contén cunha delimitación de funcións e competencias, e considerando que o Regulamento orgánico non delimita as referidas funcións, pola presente dispónse que as referidas funcións serán as que seguen:

A comisión informativa de asuntos do pleno terá por competencia ditaminar os asuntos resolutorios de competencia plenaria, incluídos os delegados por este último órgano na Xunta de Goberno Local.

Pola súa parte, a comisión informativa de educación e cultura terá por competencia informar e ditaminar os asuntos resolutorios relativos á disolución do Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba, así coma aqueles de competencias plenaria relativos ao futuro e destino dos dereitos e obrigas da devandita institución vinculada á Corporación municipal.

A maior abastanza, convén precisar que de conformidade co artigo 124.3 do ROF, o Pleno ten a potestade de acordar constituír para un asunto concreto, en consideración ás súas características especiais de calquera tipo, unha comisión especial. Segundo indica o referido precepto «estas Comisións extingúense automaticamente unha vez que ditaminen ou informen sobre o asunto que constitúe o seu obxecto, salvo que o acordo plenario que as creou dispuxese outra cousa».

Ao fío do anterior, considérase de utilidade, co gallo de maior transparencia na materia, crear unha comisión informativa especial de planeamento urbanístico xeral, aos efectos de informar dos avances e da tramitación dos asuntos resolutorios relativos ao Plan Xeral do Ordenación municipal.

En base ao anteriormente exposto o Pleno deste concello, cos votos favorables do Partido Socialista (5), Vilalba Aberta (3), e do concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (1), e o voto en contra do Partido Popular (8), o Pleno da Corporación acorda o que segue:

PRIMEIRO. Crear os seguintes órganos complementarios de estudo e informe de asuntos plenarios ou de competencia plenaria delegados na Xunta de Goberno Local:

- A Comisión de asuntos plenarios;

- A comisión informativa especial de educación e cultura;
- A comisión informativa especial de planeamento urbanístico xeral;
- A Comisión Especial de Contas.

Os referidos órganos complementarios contarán coas funcións dispostas no presente acto administrativo.

SEGUNDO. 2.1 - A Comisión Especial de Contas deste concello estará integrada por: o presidente que recaerá no Alcalde-Presidente do concello ou tenente de alcalde que actúe por suplencia deste.

Un/unha concelleiro/a designado por cada un dos grupos políticos municipais e, un/unha concelleiro/a mais por cada grupo que teña catro ou mais concelleiros/as no grupo, resultando proporcional conforme aos criterios do artigo 66.2 da LALG, que serán adscritos mediante comunicado de cada Voceiro dos distintos grupos políticos, debendo designar suplentes.

A efectos de garantir a proporcionalidade da representación dos grupos políticos municipais na comisión, a Presidencia contará coma membro designado da mesma, en tanto ostenta dereito a voto, igual que o resto dos concelleiros.

2.2 - A Comisión de asuntos plenarios deste concello estará integrada por: o presidente que recaerá no Alcalde-Presidente do concello ou tenente de alcalde que actúe por suplencia deste.

Un/unha concelleiro/a designado por cada un dos grupos políticos municipais e, un/unha concelleiro/a mais por cada grupo que teña catro ou mais concelleiros/as no grupo, resultando proporcional conforme aos criterios do artigo 66.2 da LALG, que serán adscritos mediante comunicado de cada Voceiro dos distintos grupos políticos, debendo designar suplentes.

A efectos de garantir a proporcionalidade da representación dos grupos políticos municipais na comisión, a Presidencia contará coma membro designado da mesma, en tanto ostenta dereito a voto, igual que o resto dos concelleiros.

2.3 - A Comisión informativa especial de educación e cultura estará integrada por: o presidente que recaerá no Alcalde-Presidente do concello ou tenente de alcalde que actúe por suplencia deste.

Un/unha concelleiro/a designado por cada un dos grupos políticos municipais e, un/unha concelleiro/a mais por cada grupo que teña catro ou mais concelleiros/as no grupo, resultando proporcional conforme aos criterios do artigo 66.2 da LALG, que serán adscritos mediante comunicado de cada Voceiro dos distintos grupos políticos, debendo designar suplentes.

A efectos de garantir a proporcionalidade da representación dos grupos políticos municipais na comisión, a Presidencia contará coma membro designado da mesma, en tanto ostenta dereito a voto, igual que o resto dos concelleiros.

2.4 - A Comisión informativa especial de planeamento urbanístico xeral estará integrada por: o presidente que recaerá no Alcalde-Presidente do concello ou tenente de alcalde que actúe por suplencia deste.

Un/unha concelleiro/a designado por cada un dos grupos políticos municipais e, un/unha concelleiro/a mais por cada grupo que teña catro ou mais concelleiros/as no grupo, resultando proporcional conforme aos criterios do artigo 66.2 da LALG, que serán adscritos mediante comunicado de cada Voceiro dos distintos grupos políticos, debendo designar suplentes.

A efectos de garantir a proporcionalidade da representación dos grupos políticos municipais na comisión, a Presidencia contará coma membro designado da mesma, en tanto ostenta dereito a voto, igual que o resto dos concelleiros.

TERCEIRO. A Comisión Especial de Contas celebrará sesión ordinaria nos termos indicados no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CUARTO. A Comisión de asuntos plenarios celebrará sesións ordinarias con tres (3) días hábiles de antelación á convocatoria da sesión plenaria ordinaria a celebrar na periodicidade anteriormente acordada polo pleno da Corporación, ás 09:00 horas.

QUINTO. A Comisión informativa especial de educación e cultura e a Comisión informativa especial de planeamento urbanístico xeral, serán convocadas polo seu Presidente cando as necesidades das súas competencias así o precisen.

SEXTO. Conceder aos Grupo políticos un prazo de 10 días hábiles para, que mediante escrito do seu voceiro, procedan a nomear os seus representantes nas diferentes comisións, aclarando que o único membro do grupo mixto será membro nato de todas elas, en tanto siga sendo o único integrante do referido grupo.

SÉTIMO. Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica da Corporación aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así coma na Sede Electrónica da Corporación.

Vilalba, 1 de agosto de 2023.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 2530

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - XERMADE

Anuncio

CONVOCATORIA PREMIOS XI TROFEO "D. MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ"

BDNS (Identif.): 711413

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/711413>)

ASUNTO: CONVOCATORIA PREMIOS XI TROFEO "D. MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ"

A Alcaldía, por Decreto núm. 2023-0359 de data 03/08/2023, aprobou as bases e a convocatoria que se transcriben de seguido:

"BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS POR CLASIFICACIÓN NO XI TROFEO "D. MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ"

O Concello de Xermade, no marco da Lei 7/85 do 2 de Abril Reguladora das Bases de Réxime Local, ten atribuídas competencias polo artigo 25.2 m) "Actividades ou Instalacións Culturais e Deportivas: ocupación do tempo libre; Turismo", e en desenvolvemento de tales competencias, a concesión de premios por clasificación no XI Trofeo de fútbol "D. Manuel González Fernández".

A normativa aplicable será:

Bases de execución do Concello de Xermade, exercicio 2023

Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións

Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia

Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Xermade

En tal sentido considérase preciso ditar normas, así como estruturar e fixar obxectivos, polas esixencias de axustarse aos principios de igualdade, publicidade, transparencia, obxectividade, eficacia, eficiencia e non discriminación (art. 8.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións) na concesión de premios aos deportistas segundo a clasificación no XI Trofeo de fútbol "D. Manuel González Fernández", con cargo aos orzamentos municipais do exercicio 2023.

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

Poderán participar os equipos con sede no municipio de Xermade que estean federados. Os xogadores deberán ter a ficha actualizada.

Quedan fóra do ámbito de aplicación da presente convocatoria as solicitudes que difiran do anteriormente exposto.

Os premios por clasificación serán os seguintes:

1º clasificado: 600 euros

2º clasificado: 525 euros

3º clasificado: 475 euros

4º clasificado: 450 euros

O trofeo xogárase os días 19 e 20 de agosto e 9 e 10 de setembro nos campos de fútbol de Roupar, Xermade, Cabreiros e Cazás.

A Federación Galega de Fútbol rexerá o trofeo; os cambios serán os que especifica o regulamento (cinco) e en caso de empate na eliminatoria, resolverase na tanda de penaltis. En caso de dúbida, resolverá a Federación Galega de Fútbol.

Artigo 2.- Documentación para a formalización das solicitudes de premios económicos.

Os equipos que desexen participar deberán presentar:

- Impreso de solicitude (segundo modelo facilitado polo concello), asinado polo representante do equipo
- Certificado da conta bancaria na que desexen que se lles ingrese o premio

A documentación presentarase antes do 18 de agosto de 2023 no Rexistro Municipal do Concello de Xermade, a través da sede electrónica.

Artigo 3.- Procedemento de concesión, resolución e pago.

A forma de concesión será en base á clasificación da proba elaborada pola Federación Galega de Fútbol, de maneira que se premiasen aos/ as clasificados/ as da competición consonte ao exposto no artigo 1.

Recibida a clasificación da Federación, a concellería delegada de deportes elaborará un informe para a concesión dos premios correspondentes. O abono dos premios deportivos materializarase mediante transferencia bancaria á conta bancaria que conste coa documentación entregada polo beneficiario.

O prazo máximo para a adopción de acordo por Resolución da Alcaldía-Presidencia da concesión de premios, obxecto desta convocatoria, será de trinta días desde a data de celebración.

Con carácter previo ao abono dos premios comprobarase de oficio pola Tesouraría municipal que os beneficiarios se atopan ao corrente coas obrigas tributarias e seguridade social.

Artigo 4.- Dotación orzamentaria.

Destínase un crédito de 2.050,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 342.489.

Artigo 5.- Obrigas dos beneficiarios.

Os/as beneficiarios/ as de premios do XI Trofeo de fútbol "D. Manuel González Fernández" quedarán obrigados/as ao sometemento ás actuacións de comprobación que crea convenientes o órgano interventor do Concello de Xermade.

Os custes de arbitraje serán a cargo dos equipos participantes, así como o resto dos custes de organización do evento.

Artigo 6.- Publicidade e notificación dos premios.

A concesión dos premios publicarase na páxina web do Concello de Xermade, na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios. Así mesmo, darase conta á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Segundo o artigo 45.1. B da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a publicación da Resolución no taboleiro de anuncios do concello substituirá á notificación fornecendo os súas mesmos efectos.

Artigo 7.- Réxime de infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións administrativas, estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións, e Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia.

Disposición final primeira.

A presentación de solicitude de premio, implica o coñecemento e aceptación destas Bases, da Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Xermade, e da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións, e Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia, así como cantas normas sexan de aplicación a este tipo de subvencións, tanto de carácter directo como subsidiario.

Disposición final segunda.

Para o non regulado nestas bases, estarase aos disposto na Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Xermade, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento, e Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia e o seu Regulamento, na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo."

Xermade, 3 de agosto de 2023.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2577

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A.

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente número: A/27/24114

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Rubén Rodríguez Fernández

Nombre del río o corriente: Fonte da Candaosa

Caudal solicitado: 0,05 l/seg.

Punto de emplazamiento: Mesón Vello-Penamaría, parcela 1 del polígono 1

Término Municipal y Provincia: A Fonsagrada (Lugo)

Destino: Uso ganadero

BREVE DESCRIPCION DE LA MODIFICACIÓN:

Captación y conducción con tubería hasta abrevaderos.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial del Principado de Asturias, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de A Fonsagrada**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 26 de junio de 2023.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez.

R. 2374

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente número: **A/27/24113**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Avelino Fernández González

Nombre del río o corriente: Fonte do Caminero

Caudal solicitado: 0,04 l/seg.

Punto de emplazamiento: Penamaría, parcela 21 del polígono 3 (A Trapa).

Término Municipal y Provincia: A Fonsagrada(Lugo)

Destino: Uso ganadero.

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Tubería de captación y conducción por gravedad hasta un depósito desde el que se impulsarán las aguas por bombeo a dos abrevaderos.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de A Fonsagrada**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 10 de julio de 2023.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez.

R. 2440